

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN MÚSICA

## 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE

Docente: Marta Díaz Álvarez

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.	<p>EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.</p> <p>EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.</p> <p>EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.</p> <p>EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.</p> <p>EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.</p>
B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa.	EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.
B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado as sensacións e as impresións sentidas na audición.	<p>EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.</p> <p>EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.</p>
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	<p>EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.</p> <p>EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.</p> <p>EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.</p>
B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son.	<p>EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.</p> <p>EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.</p>
B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	<p>EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.</p> <p>EMB3.2.2. Coordinar extremidades superiores e inferiores nos</p>

desprazamentos coa música.

EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Cualificación final</b>	O procedemento a seguir consistirá en que a nota do terceiro trimestre estableceráse en base á da segunda avaliación, engadindo que a realización das actividades propostas para esta última sempre contarán en beneficio do alumnado (subirá 1 punto). Isto é: se o alumno/a ten, por exemplo, un 8 na segunda avaliación e fai as tarefas, subirá a un 9 na terceira; de non facer nada, a súa cualificación manterase.
----------------------------	---

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

<b>Actividades</b>	As actividades a desempeñar estarán relacionadas con exercicios de investigación, de escoita activa, de interpretación musical e de coordinación e danzas. Estarán destinadas a repasar e reforzar os contidos impartidos na primeira e segunda avaliación, non a ampliar materia.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	A metodoloxía consistirá en subir ás plataformas (aula virtual e EDIXGAL) as actividades, e así o alumnado, ao realízalas, poida ou ben entregalas na mesma rede ou ben envíalas a un correo proporcionado pola docente. Por outra banda, a aqueles que non teñan conectividade a internet facilitarase o material en papel.
<b>Materiais e recursos</b>	No tratante aos recursos podemos engadir os seguintes: recursos materiais (obxectos e utensilios), materiais audiovisuais (ordenador, televisión, vídeo...), medios informáticos, instrumentos musicais, audicións...

## Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Para informar ao alumnado, así como ás familias, empregáronse diferentes plataformas nas que mantíñamos o contacto e subíamos as tarefas correspondentes: con 5º e 6º utilizamos EDIXGAL, mentres que no resto dos cursos servímonos da aula virtual do propio centro e do espazo Abalar. Tamén se proporcionou, para os casos nos que se atopen problemas de entrega ou á hora de consultar, un correo de gmail.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.